

## Familia *Ericaceae*, primeira parte

Paco Bañobre



*Erica erigena* (á esquerda) e *Erica scoparia subsp. scoparia* (á dereita) · Martinho Fiz

As protagonistas deste artigo son un conxunto de plantas, moi abundantes, agrupadas no que comunmente se chama monte baixo, matogueiras ou mato. Inclúen un elevado número de vexetais que abrangue formacións de plantas arbustivas que posúen follas coas beiras reviradas (ericoides), enteiras ou transformadas en espiñas. Son as chamadas toxeias, uceiras, xesteiras, queirogais, etc. Denomínanse na clasificación fisionómica de formacións vexetais como Ericilignosa, nas que, á parte da súa morfoloxía, a característica máis salientable é a ausencia de bosques e que se desenvolven en climas oceánicos. Neste artigo falaremos das comunmente coñecidas como carrouchas, queirogas, queirugas, carrascos, carpazas, uces, entre outros nomes.

A familia *Ericaceae* está constituída por arbustos ou pequenas árbores de follas simples, verticiladas ou alternas e perennes. É unha familia cosmopolita con aproximadamente 3.000 especies adaptadas a terreos pobres e ácidos a través da relación simbiótica con fungos micorrízicos, unha asociación chamada micorriza ericoide. Esta asociación é crucial para o éxito desta familia de plantas que coloniza, fundamentalmente, solos escasos en nutrientes. Outra adaptación a condicións extremas e limitantes para moitos vexetais, como o estrés hídrico, o exceso de insolación ou o vento, é que as súas follas adoitan ser lineares, dispostas en verticilos e coas beiras reviradas, que agochan o envés da folla.

A familia *Ericaceae* en Galiza está conformada por cinco xéneros de plantas leñosas de porte arbustivo, se ben nalgún caso poden acadar un tamaño arbóreo. Un destes xéneros é o *Erica*, que posúe todos os caracteres antes mencionados: follas lineares, reviradas e dispostas en verticilos. Outro trazo común delas é que as flores

están dispostas en acios coa corola urceolada (en forma de ola), e algunhas tamén presentan pequenos pelos nas follas e nos pedicelos (extensión do talo que soporta as flores). Rara vez acadan máis de 100 cm de altura, agás catro: *Erica erigena*, *Erica scoparia subsp. scoparia*, *Erica australis* e *Erica arborea*. Falemos nesta entrega das dúas primeiras mencionadas:

- ***Erica erigena*:** ademais de ter un porte que pode superar con facilidade o metro de altura, esta peculiar queiruga aparece en Galiza nuns localizados puntos xeográficos, algo que axuda a recoñecela. Podemos atopala nas terras de Soneira – Val de Vimianzo, e na serra da Capelada, asociada a solos con hidromorfía temporal, é dicir, sometidos á circulación de abundosa auga superficial durante parte do ano, e a zonas expostas a ventos do Oeste cargados de humidade oceánica. A súa característica máis distintiva é que medra sobre substratos procedentes de rochas básicas e ultrabásicas, aspecto que limita a súa aparición en Galiza. Outro trazo que a pode distinguir das diferentes especies de Erica é que posúe o período máis curto de floración de todas elas, limitado ao mes de maio fundamentalmente.
- ***Erica scoparia subsp. scoparia*:** este arbusto pode acadar ata os 2,5 m de altura. Está asociado a ambientes fundamentalmente mediterráneos, e aparece case exclusivamente nos vales do Sil e do Miño. Tamén está presente nos afloramentos de serpentinas de Melide – Portodemouros. Unha característica que pode axudar a recoñecela é que posúe flores pequenas e pouco vistosas, cunha corola de cor verdosa, e a súa floración dáse entre os meses de maio a xullo.